

Queres ao teu barrio? Demóstrao no noso concurso “No Corazón do teu Barrio”.

Cóntanos nun vídeo por qué mercar ou emprender no teu barrio de Santiago Norte e gaña un iPad mini.

#### TEXTO PROMOCIONAL

Porque encontras o que necesitas, porque o tendeiro é coma da familia, porque te ofrecen o mellor trato... Cóntanos por qué mercar nos barrios de Santiago Norte e poderás gañar un iPad Mini.

Xa sabemos que non tedes os medios de Spilberg, pero o importante é a creatividade!

E se tes unha empresa ou un comercio, tamén podes contarnos por qué elixiches emprender no teu barrio!!

#### TÉRMINOS E CONDICIÓNNS PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO “NO CORAZÓN DO TEU BARRIO”

1. O Concello de Santiago de Compostela, dentro do Proxecto URBANA SANTIAGO NORTE, convoca o concurso de vídeos “No Corazón do Teu Barrio” para animar aos composteláns e compostelás a mercar e emprender nos barrios de Santiago Norte.
2. Premios: no concurso entregarase un premio consistente nun iPad Mini.
3. **Ámbito:** poderá participar no concurso calquera usuario de Facebook que resida ou traballe na cidade de Santiago de Compostela, seguidor da páxina de Facebook “No Corazón do teu Barrio” e maior de idade. Admítese unha participación por usuario. O Concello resérvase o dereito de eliminar a participación de perfís que poidan ser considerados fraudulentos (falsificacións, usuarios ficticios...).
4. **Duración:** o período de participación comezará o mércores 5 de febreiro e rematará o mércores 19 de febreiro, ambos incluídos.
5. **Mecánica de participación:** para participar é necesario acceder á aplicación “Concurso Corazóns”, aceptar os permisos básicos da aplicación e subir un vídeo no que se anime a outros usuarios a mercar ou emprender nos barrios de Santiago Norte.
6. **Características dos vídeos:**
  - Os vídeos deben durar entre 20 segundos e 2 minutos e contar os beneficios dalgún barrio de Urbana Santiago Norte (Almáciga, Salgueiriños, San Pedro ou Vite). Todo o demais queda á elección da creatividade do autor.
  - O participante é responsable do contido do vídeo. Non se admiten vídeos de contido non apropiado para a súa difusión (violento, ofensivo, obsceno, que poidan ferir sensibilidades ou que atenten contra a dignidade das persoas).
  - Non se admiten vídeos nos que a propiedade intelectual corresponda a terceiros.
  - O participante garantira que é o autor do vídeo que presenta e titular dos seus dereitos de autor. Non se admiten vídeos nos que a propiedade intelectual corresponda a terceiros e o Concello exímese de calquera responsabilidade en canto aos materiais protexidos que poda empregar o participante.
  - Non se admite a participación de menores de idade nesta promoción, nin nos vídeos presentados a concurso.
  - Os usuarios deberán subir o vídeo a algunha plataforma externa (Youtube, Vimeo, Flickr...) e posteriormente inscribirse na pestana da promoción da páxina de Facebook “No Corazón do teu Barrio”, na que deixarán a URL de acceso ao seu vídeo para que os demais seguidores

podan votalo.

7. Elección do gañador: os seguidores en Facebook de “No Corazón do teu Barrio” poderán votar aos seus vídeos favoritos. Os cinco vídeos que máis votos reciban serán avaliados por un xurado composto por membros do Concello que elixirán ao gañador en función dos criterios de adaptación ao tema, calidade técnica, creatividade e orixinalidade.
8. Comunicación do premio: o gañador será informado a través do enderezo electrónico que facilite no formulario de inscrición e terá un prazo de 24 horas para responder. En caso de non facelo, o premio pasará ao segundo clasificado.
9. Dereitos e protección de datos: aos efectos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter persoal, establécese que a aceptación do premio polo gañador implica a autorización ao Concello de Santiago para utilizar o seu nome e imaxe en actividades de difusión relacionadas coa presente promoción e a cesión dos dereitos de reprodución do vídeo gañador. O autor autoriza a publicación do vídeo nas webs de Urbana Santiago Norte ou do Concello de Santiago e as súas contas de RR.SS. Sen mais autorizacións.
10. Os datos subministrados polos participantes serán tratados confidencialmente e recopiados nun ficheiro automatizado do que será titular o Concello de Santiago coa única finalidade da xestión deste sorteo e que será eliminado tras a súa celebración.
11. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

\* Facebook non patrocina, avala nin administra de modo algún esta promoción, nin está asociado a ela. O usuario é consciente de que está proporcionando a súa información a “No Corazón do Teu Barrio” e non a Facebook. A información que proporcione só se empregará para tramitar a participación do concursante e para comunicarlle o premio en caso de resultar gañador.